

EMPREGO XUVENIL

2º trimestre 2018

Desde UGT Galicia, realizamos unha análise das condicións laborais das mozas e mozos en Galicia, a través da cal se constata que ademais da precarización xeral do mercado de traballo, a xuventude galega está sometida a peores condicións que o conxunto do resto das idades e que os mozos e mozas do Estado, tal e como amosan os últimos datos dispoñibles.

Os datos incluídos no informe son os correspondentes á Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre do ano 2018 en todas aquelas variables nas que estean dispoñibles para Galicia, incluíndo comparacións coa situación que presentaban no mesmo trimestre do ano 2017 e co Estado.

POBOACIÓN PARADA, ACTIVA E OCUPADA

Constátase unha redución de persoas novas desempregadas no último ano (10.400), pero vén acompañada dunha alarmante perda de poboación activa, 13.500 mozas e mozos menos.

Poboación	Total idades	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 16 a 34
POB. 16 E MÁIS ANOS						
2017/II	2.343.900	84.700	110.600	127.300	155.400	478.000
2018/II	2.333.500	85.700	108.600	124.300	147.700	466.300
Diferenza	(10.400)	1.000	(2.000)	(3.000)	(7.700)	(11.700)
ACTIVA						
2017/II	1.250.300	6.500	54.300	105.700	137.200	303.700
2018/II	1.250.800	9.400	48.500	101.200	131.100	290.200
Diferenza	500	2.900	(5.800)	(4.500)	(6.100)	(13.500)
OCUPADA						
2017/II	1.048.900	2.400	37.100	83.200	115.400	238.100
2018/II	1.075.800	4.200	34.500	83.500	112.800	235.000
Diferenza	26.900	1.800	(2.600)	300	(2.600)	(3.100)
PARADA						
2017/II	201.500	4.200	17.200	22.500	21.800	65.700
2018/II	175.000	5.200	14.100	17.700	18.300	55.300
Diferenza	(26.500)	1.000	(3.100)	(4.800)	(3.500)	(10.400)

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Se comparamos a evolución da situación do desemprego entre o segundo trimestre do ano 2017 e o segundo do ano 2018 pódese observar como se produce unha importante contracción de persoas desempregadas menores de 35 anos en termos absolutos (10.400). Por tramos de idade dentro do colectivo da xuventude o que presenta un maior volume de persoas en situación de desemprego é o das mozas e mozos de entre

30 e 34 anos, con 18.300, seguido do de 25 a 29 anos que conta con 17.700 persoas desempregadas.

Pero se ademais de analizar a poboación en situación de desemprego temos en conta a evolución da poboación activa, obsérvase como parte da redución da poboación parada é consecuencia dunha forte caída da poboación activa, de 13.500 persoas menos entre as mozas e mozos nestas idades nun ano, polo que o descenso do paro xa non se pode valorar tan positivamente.

No que respecta á poboación ocupada, hai en Galicia actualmente 235.000 persoas menores de 35 anos nesta situación, o que supón unha contracción con respecto a fai un ano de 3.100 persoas, chamando a atención o descenso de 2.600 no tramo de 30 a 34 anos e de 2.600 no tramo de 20 a 24 anos.

Hai 10.400 menores de 35 anos menos en situación de desemprego en Galicia no último ano e 3.100 menores ocupados menos, 13.500 menos persoas novas activas, polo tanto forte contracción do mercado laboral na mocidade.

TAXAS DE PARO, ACTIVIDADE E OCUPACIÓN

Os mozos e mozas galegas enfróntanse a unha taxa de paro do 19,1%, 5,1 puntos superior á do resto da poboación e a taxa de actividade contráese nun punto e tres décimas no último ano.

Taxas	Total idades	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 16 a 34
PARO						
2017/II	16,1	63,5	31,6	21,3	15,9	21,6
2018/II	14,0	55,3	29	17,5	14,0	19,1
Diferenza	-2,1	-8,2	-2,6	-3,8	-1,9	-2,5
ACTIVIDADE						
2017/II	53,3	7,7	49,1	83,0	88,3	63,5
2018/II	53,6	11,0	44,7	81,4	88,8	62,2
Diferenza	0,3	3,3	- 4,4	- 1,6	0,5	- 1,3
OCUPACIÓN						
2017/II	44,8	2,8	33,5	65,4	74,3	49,8
2018/II	46,1	4,9	31,8	67,2	76,4	50,4
Diferenza	1,4	2,1	- 1,8	1,8	2,1	0,6

Fonte: IGE

Moi preocupante é a taxa de paro xuvenil (menores de 35 anos) xa que a pesar de que tamén sufriu un descenso, continúa sendo do 19,1% (e a menor idade maiores niveis

presenta), dato que contrasta co 14% da taxa de paro de toda a poboación neste ano, sendo 5,1 puntos superior.

Constátase unha contracción da taxa de actividade en termos interanuais, ao pasar de 63,5% no segundo trimestre do ano 2017 ao 62,2% no segundo trimestre do ano 2018, o que supón unha perda dun punto e tres décimas na taxa de actividade das persoas menores de 35 anos en tan só un ano, fronte a un aumento de 0,3 puntos no conxunto das idades.

A perda de actividade entre a mocidade está relacionada non só co envellecemento da poboación, senón tamén polo efecto desánimo dos mozos e mozas vendo as poucas perspectivas de emprego existentes, polo que deciden ou ben formarse retomando os estudos ou optar pola emigración cara outros contextos con maiores oportunidades.

Para o goberno é doado obviar esta perda cando expón as cifras de paro pero a relación existente entre o descenso do paro e da poboación activa é innegable.

Non podemos esquecer tampouco ás persoas paradas de longa duración, que levan máis de un ano na procura de emprego, coas dificultades que isto xera, sendo en Galicia o 30,6% das mesmas, mozas e mozos menores de 35 anos (16.900 parados de longa duración menores de 35 anos)

PERSOAS PARADAS POR NIVEL DE FORMACIÓN ALCANZADO

O 27% das persoas desempregadas menores de 30 anos no Estado teñen Educación Superior.

2º trimestre 2018 / Estado	Total	Menores de 30	% Menores s/ total	Distrib. % menores 35
Total	3.490.100	955.800	100,0	100,0
Analfabetos	25.900	2.500	0,3	0,3
Estudios primarios incompletos	92.000	9.500	1,0	1,0
Educación primaria	358.700	84.400	8,8	8,8
Primeira etapa de Educación Secundaria y similar	1.373.900	362.500	37,9	37,9
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeral	503.400	158.500	16,6	16,6
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (inclúe educación pos secundaria non superior)	352.400	126.300	13,2	13,2
Educación Superior	783.900	211.900	22,2	22,2

Fonte: INE

A pesar de que se temos en conta a poboación parada menor de 30 anos segundo o seu nivel de formación no Estado (por non existir datos para Galicia), o 48% se concentra en persoas que como moito teñen a “Primeira etapa de educación secundaria e similar” chama a atención que a aínda que a medida que se ten un maior nivel de formación diminúe o número de persoas desempregadas nestas idades, de novo volve a incrementarse no caso de ter estudos superiores, xa que o 22,2% das persoas menores de 30 anos que teñen unha “Educación superior” están en situación de desemprego.

Se o 48% das persoas menores de 30 anos en situación de desemprego teñen como moito a primeira etapa de educación secundaria e similar ou menos formación, son necesarias políticas de formación e emprego específicas para mellorar a súa cualificación e empregabilidade.

POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO

As persoas ocupadas menores de 35 anos atópanse ocupadas nun 73,6% dos casos no sector servizos, caracterizado por unha maior precariedade

2º trimestre 2018	Total	Distribución %	Menor de 35 anos	Distribución %
Total	1.075.800	100,0	234.900	100,0
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	50.000	4,6	8.000	3,4
Pesca e acuicultura	14.200	1,3	2.600	1,1
Industria	169.400	15,7	39.800	16,9
Construción	68.800	6,4	11.700	5,0
Servizos	773.500	71,9	172.900	73,6

Fonte: I.G.E.- Instituto Galego de Estatística

As persoas ocupadas menores de 35 anos atópanse en maior medida no sector servizos, como na hostalaría e no comercio, co 73,6% do total, estando caracterizado o mesmo por unha maior incidencia das xornadas a tempo parcial, niveis intolerables de temporalidade, longas xornadas e menores retribucións.

AFILIACIÓNS POR RÉXIMES DA SEGURIDADE SOCIAL

O 84,4% das mozas e mozos galegos están afiliados no réxime xeral, seguido cun 12,4% no réxime de persoas autónomas

Xuño 2018	Total	16 a 19	20 a 24	25 a 29	30 a 34	16 a 34	% s/16-34
Total	1.008.738	4.979	37.200	78.932	105.869	226.980	22,5
Réxime xeral (excl.)	740.531	4.423	33.025	68.012	86.080	191.540	25,9

Agrario e Fogar)							
Réxime especial minería do carbón	-	-	-	-	-	-	#¡DIV/0!
Réxime especial agrario	5.607	107	382	531	668	1.688	30,1
Réxime especial empregados do fogar	27.226	17	242	679	1.187	2.125	7,8
Réxime especial de autónomos	214.349	355	2.987	8.562	16.202	28.106	13,1
Réxime especial do mar	21.025	77	564	1.148	1.732	3.521	16,7

Fonte: IGE

Se analizamos a afiliación da xuventude constátase como a maioría, o 83,2% atópase no réxime xeral, seguido do de persoas autónomas co 13.3% e non constando ningunha persoa no da minería. Os sectores primarios teñen pouco peso entre a xuventude da nosa comunidade autónoma.

Se temos en conta a evolución das afiliacións nos últimos catro anos nos sectores primarios e de persoas autónomas, pódese observar como o agrario e o do mar sofren pequenas variacións en termos absolutos, pero no de persoas autónomas hai 1.784 persoas menos que fai un ano, a pesar de que unha gran parte dos incentivos, axudas e subvencións das administracións van dirixidas ao fomento deste tipo de emprego, polo que se constata que basear as políticas activas de emprego nestes termos non é garantía de dinamización do mercado de traballo.

CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN DAS PERSOAS NOVAS

1. CONTRATACIÓN SEGUNDO O TIPO DE XORNADA

O 21,1% das mozas e mozos galegos teñen contratos a tempo parcial (fronte ao 13,8% do conxunto das idades) e o 56,2% din que teñen este tipo de contrato porque non foron capaces de atopar un traballo a xornada completa no conxunto do Estado.

Galicia	Total idades	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 16 a 34
---------	--------------	------------	------------	------------	------------	------------

Completa						
2017/II	903.000	1.100	23.600	63.400	98.400	186.500
2018/II	927.100	2.600	23.100	64.900	94.700	185.300
Parcial						
2017/II	145.800	1.300	13.500	19.800	17.000	51.600
2018/II	148.700	1.600	11.400	18.600	18.100	49.700
Taxa parcialidade						
2017/II	13,9	54,2	36,4	23,8	14,7	21,7
2018/II	13,8	38,1	33,0	22,3	16,0	21,1
Diferenza	-0,1	-16,1	-3,3	-1,5	1,3	-0,5

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. 2018/T2

A xuventude sofre maiores taxas de parcialidade, estando o 21,1% do total de persoas ocupadas menores de 35 anos contratadas a tempo parcial, fronte ao 13,8% do conxunto de idades, o que supón 7,3 puntos de diferenza, e unha vez máis a menor tramo de idade dispáranse as taxas de parcialidade. Así no tramo de idade das persoas menores de 25 anos a taxa de parcialidade na ocupación acadou o 33,6%.

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada

2º trimestre 2018	Total	16 a 34 anos	%
Total	2.899.700	1.055.500	100,0
Seguir cursos de ensinanza ou formación	241.000	229.200	21,7
Enfermidade o incapacidade propia	36.400	1.800	0,2
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	308.900	64.600	6,1
Outras obrigas familiares ou persoais	168.500	27.100	2,6
Non haber podido encontrar traballo de xornada completa	1.571.400	593.500	56,2
No querer traballo de xornada completa	274.800	62.600	5,9
Outros motivos de ter xornada parcial	290.500	75.400	7,1
Non sabe o motivo	8.200	1.300	0,1

Fonte: EPA (datos do Estado por non haber para Galicia)

Con respecto aos datos da xuventude ocupada a tempo parcial, e o motivo de ter este tipo de xornada (datos do Estado por non estar dispoñibles por comunidades autónomas), salientable é que o 56,2% din que están nesta situación por non ser capaces de atopar un traballo a xornada completa.

Todo isto leva consigo máis precariedade, e en contra da crenza equivocada de certos sectores da sociedade e do empresariado que consideran que este tipo de contratación beneficia á xuventude porque lles permite compatibilizar os estudos e o traballo, cando non é voluntaria, a única consecuencia é unha diminución do horario e do salario. Tan só o 21,7% responden que teñen este tipo de xornada para poder seguir cursos de ensinanza ou formación.

2. CONTRATACIÓN E TIPOS DE CONTRATOS TEMPORAIS

A temporalidade é un desequilibrio básico do noso mercado de traballo, xa que a maioría da xuventude, para acceder ao emprego o fai por medio da contratación temporal, sendo alarmante que estea completamente asumido pola sociedade que isto é o normal.

A temporalidade é un desequilibrio básico do noso mercado de traballo, xa que a maioría da xuventude, para acceder ao emprego o fai por medio da contratación temporal, sendo alarmante que estea completamente asumido pola sociedade que isto é o normal.

Ante este problema estrutural, as políticas a favor da calidade no emprego consistiron en incentivar a contratación de carácter indefinido, con axudas á contratación totalmente ineficaces para acabar coa elevada taxa de temporalidade da mocidade (50.96%)

As mozas e mozos galegos teñen unha taxa do 50.9% no último ano fronte ao 26,8% do conxunto das idades (24.1 puntos máis)

Galicia	Indefinida			Temporal		
	2ºt2017	2ºt2018	Diferenza	2ºt2017	2ºt2018	Diferenza
Total	598.000	633.000	35.000	223.300	232.300	9.000
16 a 34 anos	98.000	102.900	4.900	109.400	106.700	(2.700)

IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Taxa temporalidade			
Galicia			
Galicia	2ºt2017	2ºt2018	Diferenza
Total	27,2	26,8	-0,4
16 a 34 anos	52,7	50,9	-1,8

IGE-INE. Enquisa de poboación activa

A xuventude tamén sofre maiores taxas de temporalidade, con grandes diferenzas respecto ao conxunto da poboación asalariada. O 50,9% das persoas asalariadas menores de 35 anos teñen un contrato temporal, cando no total de idades esta porcentaxe é do 26,8%.

Ademais da temporalidade, preocupantes son os datos sobre a duración dos contratos das persoas asalariadas mozas con contrato ou relación laboral temporal.

O 35,6% dos menores de 30 anos (dato do Estado) traballan menos de 6 meses. Chama a atención que o 40% non saiban cal vai ser a duración do seu contrato.

Asalariados de 16 a 29 anos con contrato ou relación laboral temporal por duración do contrato (dato Estado)

2º trimestre 2018	%
Total	100,0
1 día	1,0
De 2 días a menos de 1 mes	3,3
De 1 a 3 meses	12,0
De 4 a 6 meses	19,3
De 7 a 11 meses	7,4
De 1 a menos de 2 anos	11,1
De 2 a menos de 3 anos	1,6
3 anos ou máis	4,3
Non sabe pero menos de 1 mes	1,5
Non sabe pero máis de 1 mes	31,2
Non sabe a duración	7,3

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

3. REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS

O 6,1% das persoas menores de 35 anos realizan horas extraordinarias, fronte ao 5,4% do conxunto da poboación

Persoas asalariadas segundo realicen ou non horas extraordinarias

A xuventude realiza un maior número de horas extraordinarias que o resto da poboación traballadora, a pesar de ter un maior número de contratos a tempo parcial.

2º trimestre 2018	Total	Non realizan horas extra	Realizan horas extra
Total	865.300	818.400	46.800
De 16 a 24 anos	36.900	35.600	1.300
De 25 a 34 anos	172.700	161.300	11.400
De 16 a 34 anos	209.600	196.900	12.700

Fonte: Enquisa de Poboación Activa

4. BRECHA SALARIAL DA XUVENTUDE RESPECTO AO RESTO DE IDADES

As mozas e mozos galegos de entre 25 e 34 anos perciben 22% menos de salario que a poboación do conxunto das idades. (O dato dos menores de 25 anos non é representa-

tivo estatisticamente, de feito a enquisa aporta un dato negativo o que indica que a cifra está suxeita a gran variabilidade).

Ganancia media anual por traballador

Galicia <i>euros</i>	2016	2010
Todas as idades	21.082,12	20.241,99
Menos de 25 anos	-9.675,90	12.865,26
De 25 a 34	16.464,16	17.549,17
De 35 a 44	20.619,09	20.941,94
De 45 a 54	23.183,93	22.446,06
55 e máis anos	24.110,24	23.536,04

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial do INE I.G.E. – 2016